



**Asemblea Xeral Ordinaria 2006**  
Páx. 4



**Almorzo de traballo “Estratexia para optimizar a súa relación comercial con China”**  
Páx. 7



**Formación CMA 2006**  
Páx. 10



**Cursos CMA CIS-MADEIRA**  
Páx. 5



**Misión Comercial a Alemaña**  
Páx. 8



**Rincón do Asociado: Moblegal**  
Páx. 13-15



**Creación da Mesa da Madeira**  
Páx. 6



**Proxecto PRM**  
Páx. 9

**Axudas e Subvencións**  
Páx. 16

**Feiras**  
Páxs. 17-18



26 de Abril



# Asemblea Xeral Ordinaria 2006

O mércores 26 de abril celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria do Clúster da Madeira de Galicia no

Hotel Os Abetos de Santiago de Compostela.

No acto, que estaban convocados todos os aso-

ciados ó Clúster da Madeira de Galicia, o Presidente D. Ángel Hermida presentou a Memoria de actuacións do ano 2005.

Posteriormente, a Xerente D<sup>a</sup> Belén Varela expuxo un resumo das contas anuais do exercicio 2005, que se aprobaron por unanimidade. A continuación, presentou a todos os asistentes o Plano de Actuación a executar no ano 2006, detallado por bloques temáticos en función do Grupo de Traballo promotor da actuación. Tamén se presentou unha estimación do orzamento necesario para cada unha, que foi aprobado por unanimidade.

Finalmente, o Presidente fixo unha presentación das empresas recentemente incorporadas ó Clúster da Madeira de Galicia: C.A.C. Muebles, Eduardo Campo Seijas, Neira e Seoane, Lareira Eurococinas, agradecendo a todas as empresas presentes o esforzo realizado.

Na clausura estivo presente o Conselleiro de Innovación e Industria D. Fernando Blanco Álvarez, que se mostrou partidario de promover estas actuacións para impulsar o sector da madeira de Galicia, para o cal reiterounos o apoio da súa Consellería. ■

# A Plataforma Oferta-Demanda

A Plataforma Oferta-Demanda de Produtos e Servizos é unha ferramenta que o Clúster da Madeira pon a súa disposición para facilitarlle a busca de información de provedores ou clientes que mellor se axeiten ós seus requirimentos.

Trátase dunha ferramenta moi sinxela que está accesible na páxina principal da web do CMA co obxectivo de que calquera empresa interesada, estea ou non asociada, poida consultar qué empresas ofrecen ou requiren un determinado produto ou servizo.


A operativa é moi sinxela, vostede poderá buscar que empresas ofrecen ou demandan un determinado produto ou servizo atendendo a diferentes criterios de busca. Si por exemplo está interesado en coñecer qué empresas lle poden prestar un servizo de vernizado, simplemente terá que dirixirse a *Productos e Servizos Ofertados*, marcar *Servizos de barnizado y lacado* e pinchar buscar. Automaticamente apareceralle un listado de empresas que ofrecen este servizo complementario.

Neste caso concreto aparecen as seguintes empresas:

| Resultados de la Búsqueda                           |                              |                               |
|-----------------------------------------------------|------------------------------|-------------------------------|
| HOMBRE                                              | GERENTE                      | EMAIL                         |
| ALMACENES UNKERA, S.L. (PUERTAS DEL HOROESTE, S.A.) | JOSÉ SÁNCHEZ CARBALLUDE      | INFO@PUERTASDELHOROESTE.COM   |
| BIPANEL, S.L.                                       | MANUEL SANMARTÍN             | RAFA.BIPANEL@TERRALES         |
| CARPINTERIA RAHAL Y LAGO, S.L.                      | JOSÉ A. SANTALLA VILLAR      |                               |
| CORRAL Y COUTO, S.L.                                | MANUEL COUTO AMOSA           | CORRALYCOUTO@CORRALYCOUTO.COM |
| EBANISTERIA BARREIRO, S.L.                          | JOSÉ TABOADA TRIGO           | EBAILBARREIRO@TELEFONCAJET    |
| LOUGAR, S.L.                                        | JUVENTINO LOUREIRO           | LOUGAR@TERRALES               |
| MADERAS SOTO, S.A.                                  | ENRIQUE SOTO FELIXO          | INFO@MADERASSOTO.COM          |
| OITE, S.A.                                          | JOSÉ DÍAZ VALCARCEL          | OITE@OITE.COM                 |
| PANELTRON, S.A.                                     | JOSE ANTONIO FANULL GONZÁLEZ | PANELTRON@TPLBIFORMALES       |
| REMIGIO GARCIA DÍAZ                                 | REMIGIO GARCIA DÍAZ          |                               |

Si pola contra vostede quere vender un determinado produto ou servizo, deberá facer a busca por *Productos e Servizos Demandados*. Desta maneira, apareceralle unha lista das empresas que demandan este tipo de produtos.

Trátase dunha ferramenta moi sinxela que sen dúbida pode dar resultados a curto prazo e poderá ampliarse no futuro á industria auxiliar, na medida en que sexa empregada polos asociados ó CMA. ■



3 de Maio



# Cursos CMA/CIS-MADEIRA

O pasado mércores 3 de maio comezaba o Curso de Adhesivos na Industria da Madeira, patrocinado polo Clúster da Madeira de Galicia. O curso desenvolveuse nas instalacións do CIS-Madeira, e foi impartido por persoal investigador de recoñecido prestixio tanto do CIS-Madeira como de AIDIMA.

O Curso de Adhesivos na Industria da Madeira está dirixido a persoal técnico e cadros intermedios, co obxectivo de dar resposta a unha necesidade formativa dentro do sector, tal e como fica constatado nas numerosas consultas que o CIS-Madeira ven recibindo por parte das empresas.

O Curso tivo unha duración de 14 horas, repartidas en dous días, e tocáronse diversos aspectos relacionados coa adhesión e as súas aplicacións na industria

da madeira, desde un punto de vista teórico-práctico.

Encanto ó contido teórico, o programa incluía os seguintes puntos:

- Teoría da adhesión
- Tipos de adhesivos aplicados no sector da madeira.
- Condicións do soporte para conseguir un bo colado.
- Madeiras difíciles de encolar: problemas e solucións.
- Control de calidade e normalización.

Para complementar a formación teórica e poder aplicar os conceptos expostos, tiveron lugar unha serie de experiencias nos laboratorios do CIS-Madeira, onde todos os asistentes ó curso puideron desenvolver de maneira personalizada os distintos ensaios.

Ó igual que en anteriores convocatorias, o curso tivo unha grande



acolida entre as empresas asistentes e unha vez mais se completaron todas as prazas ofertadas.

Seguindo co obxectivo de mellorar a capacitación técnica do persoal, o Clúster da Madeira de Galicia ten conveniado co CIS-Madeira outros cursos de formación:

**-Novas tecnoloxías para a industria do moble e afíns.**

**-Deseño e control da calidade do mobiliario de cociña.**

**-Xestión Lean.**

Se desexa información de datas, contidos do curso, profesorado, lugar de impartición, por favor, pónase en contacto co CIS-Madeira no Tfno.: 988 368 152 e-mail: [info@cismadera.com](mailto:info@cismadera.com)



12 de Maio



## Creación da Mesa da Madeira

O pasado 12 de Maio o Presidente do Clúster da Madeira de Galicia, D. Ángel Hermida Lage, asistía á constitución formal da Mesa Galega da Madeira na que estaban presentes ademais da

Xunta de Galicia, diversos representantes da industria da madeira, os propietarios e as empresas de servizos forestais.

A Mesa estaba constituída como sinalamos nos seguintes cadros.

### Administración

- Conselleiro do Medio Rural.
- Director Xeral de Montes e Industrias Forestais.
- Subdirector Xeral de Recursos Forestais.
- Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- Director do CIS - Madeira.

### Industria

- Cluster da Madeira.
- Monte - Industria.
- Fearnaga.

### Propietarios

- Asociación Forestal de Galicia.
- Organización Galega de C.M.V.M.C.
- Silvanus.
- Asefoga.
- Afrifoga.
- Frouma.
- Promafe.

### Outros

- Asociacións de Empresas de Servizos (Serfoga, Asemfo-Galicia)



26 de Maio



## Almorzo de traballo “Estratexia para optimizar a súa relación comercial con China”

O Clúster da Madeira de Galicia organiza unha serie de Almorzos de Traballo onde se tratarán distintas temáticas de interese. Trátase dun novo formato de xuntanzas de traballo que terán lugar o último venres de cada mes, e servirán para debater e discutir problemáticas concretas apoiados pola opinión dun experto.

Así, o pasado venres 26 de maio tivo lugar o primeiro Almorzo de Traballo, onde se tratou a “Estratexia para optimizar a súa relación comercial con China”. Acudiron 12 persoas de diferentes subsectores productivos, interesados neste tema.

Na xuntanza estivo convidada a empresa consultora Orientiber, especialista no outsourcing de servizos para o mercado chin. O Almorzo de Traballo comezou cunha breve presentación por parte da empresa convidada, onde se falou das distintas posibilidades á hora de iniciar contactos comerciais co xigante asiático.

Seguidamente, estableceuse un debate aberto por parte de tódolos integrantes, onde saíron á luz cuestións de interese para a maioría dos presentes. Falouse das distintas posibilidades de financiamento a través da Administración para acometer proxectos de inves-

timento en China, aspectos loxísticos vencellados coa importación-exportación de produtos, etc.

A empresa consultora está a disposición de tódolos asociados ó CMA para resolver calquera cuestión relacionada co mercado chin.

As temáticas propostas para os posteriores Almorzos de Traballo, son:

- Patentes e marcas.
- Relacións laborais.
- Situación do sector forestal.
- O futuro do subsector de serradoiros.
- Innovación e deseño.
- A Distribución

Se o desexa pode suxerirnos outros temas de interese.

A creación da mesa da madeira é unha vella reivindicación da industria. Dende fai anos, as empresas viñan reclamando unha ferramenta como esta, que permita que todos os axentes do sector estean permanentemente en contacto e na que se podan atinxir acordos satisfactorios para todas as partes.

Nesta primeira xuntanza se marcaron 3 liñas de actuación preferentes. Por un lado, a elaboración dun diagnóstico consolidado onde os propietarios e a industria fixen os obxectivos comúns do sector. Ó mesmo tempo determinaríanse as necesidades en materia legal para que o sector forestal conte con un marco normativo estable. Finalmente, será competencia da Mesa o establecemento das prioridades do sector para negociar os fondos europeos. Para desenvolver cada unha destas iniciativas, na xuntanza da Mesa acordouse a creación de grupos de traballo específicos nos que estarán representadas todas as partes.■

“A creación da mesa da madeira é unha vella reivindicación da industria”



O 13 de xuño tivo lugar no Hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela unha Xornada sobre o sector do serrado en Alema- nia da man do Dr. Leif Nutto, Profesor do Instituto de Utilización Forestal e Ciencias da Elaboración da Universidade de Frei- burg (Alemania).

O acto estivo organi- zado polo Clúster da Madeira de Galicia e FEARMAGA, asistindo como representantes do Clúster o Presidente D. Ángel Hermida e a Xeren- te Dª Belén Varela, e D. Carlos Ucha por parte de Fearnaga. Ademais, esta Xornada foi posible gra- zas á colaboración e xes- tión do CIS-Madeira, representado polo seu director D. Francisco Pedras.

O seu obxectivo foi coñecer as liñas estratéxi- cas nas que se basea o sector do serrado alemán, ademais de presentar a proposta de realización dunha viaxe a Alema- nia para coñecer "in situ" as capacidades, estruturas, e problemáticas do sector do serrado. Asistiron representantes de mais

## Xornada O serrado en Alema- nia: Situación, estrutura e mercado

de 25 serradoiros, proce- dentes de toda Galicia, que mostraron un gran interese na mesa así como una participación moi activa.



## Comisión de traballo: Manual de normalización do eucalipto

O 14 de xuño tivo lugar una segunda reu- nión, á que asistiron representantes das empre- sas: Laminados Villapol, Ence, Finsa, Moblegal, xunto co CIS-Madeira como Centro Tecnolóxico. O obxectivo desta reunión foi discutir qué posibilida- des existen para promo- cionar e informar acerca da madeira de Eucalipto, en función da información dispoñible neste momen- to, e finalmente, decidilos pasos a seguir.■



Trala Xornada presen- tada da man do Dr. Nutto, un grupo de 20 persoas, representantes de serra- doiros de toda Galicia, Clúster da Madeira de Galicia, Fearnaga e CIS- Madeira, realizaron una misión comercial a Ale- mania do 11 ao 15 xullo, para coñecer "in situ" a realidade deste sector no país xermano.

A viaxe serviu para coñecer distintos aspec- tos moi representativos do monte xermano, tanto a nivel de prácticas silví- colas, aproveitamentos forestais, sistemas pro- ductivos, política forestal xeral, etc.

Visitamos distintos montes de coníferas e frondosas destinados a explotación forestal, onde vimos coníferas de máis de 80 anos con madeira de alta calidade, en espe- ra de ser cortados.

Visitáronse ademais diferentes serradoiros de distinta dimensión, de 300.000 a 500.000 metros cúbicos/ano, onde

## Misión comercial: Alemania

se serraban tanto conife- ras como frondosas. A maioría dos serradoiros tiñan unha liña de segun- da transformación de madeira, coa que conse- guían incrementar o valor engadido da madeira serrada para gañar com- petitividade.

Ademais visitamos un fábrica de pellets e unha planta de biomasa, sendo esta una fonte de enerxía moi empregada en Ale- mania, debido as súas características ( a superfi- cie forestal de Alema- nia é de case 11 millóns de ha.)



## Proxecto PRM

O Grupo de Interna- cionalización e Novos Negocios do Clúster da Madeira de Galicia deci- diu desenvolver o Proxecto PRM (Prescriber Rela- tionship Management) de forma fraccionada aco- metendoo por fases.

Tratase dun proxecto moi ambicioso dirixido ós prescriptores nacionais e internacionais. O seu obxectivo é desenvolver unha estrutura que nos permita formar e informar de maneira rápida e flexi- ble sobre os nosos pro- ductos a quen os utiliza para satisfacer as necesi- dades do mercado en cada momento. Para iso influirase positivamente nos colectivos de pres- criptores (arquitectos, constructores, promoto- res, decoradores, tendas, etc.) aportándolles ferra- mentas como catálogos técnicos, obras singula- res, aplicacións de pro- ductos, etc., co obxectivo de conseguir a colabora- ción e implicación dos mesmos, e conseguir incrementar as vendas

dos produtos de madeira e os seus derivados, ela- borados polas empresas do Clúster da Madeira de Galicia que se adhiran a este Proxecto.

Para conseguilo será necesario establecer vías de contacto sistemáticas cos colectivos de pres- criptores creando unha corrente de opinión favo- rable e ofrecéndolles ser- vicios que reforcen o coñecemento existente e fomenten o uso dos pro- ductos de madeira para os distintos usos ós que van destinados.

Neste momento, esta- mos na fase de busca de financiamento. Espera- mos ter presentado ás distintas Administracións o anteprojecto antes do verán, para a partires de setembro comezar a tra- ballar no mesmo.

Actualmente, aínda que o Proxecto está lide- rado por 11 empresas asociadas ó Clúster da Madeira de Galicia, voste- de pode adherirse ó mesmo se así o desexa. Neste caso, por favor, póñase en contacto con- nosco.■